

Desde hai xa ben anos, teño a fortuna de traballar nun dos oficios máis fermosos: contar historias, imaxinar vidas, poñer en pé mundos de ficción empregando as palabras como únicos materiais. As palabras coas que creo as miñas historias son as da lingua galega, o idioma milenario que xermolou nesta fisterra europea que chamamos Galicia. As vidas que imaxino nacen de xeito natural en galego, do mesmo modo que as de J.K. Rowling o fan en inglés ou as de Haruki Murakami en xaponés.

As palabras que utilizo están cargadas de vida, na súa cerna latexa a historia que teñen detrás, a dos homes e mulleres que as foron conformando no decorrer dos anos. Elas son o meu ADN. Escribo en galego porque son de aquí, porque as persoas vivimos nun tempo e nun país, porque é a *lingua que me enche o peito enteiramente / e como un río interno me asolaga*, en verbas magníficas de Méndez Ferrín.

Escribir en galego é o meu xeito de participar na diversidade cultural da humanidade, coa conciencia de que só se pode ser universal desde as propias raíces. En galego estou –estamos– no mundo. Porque as nosas creacións teñen a forza necesaria para chegaren máis alá de calquera fronteira. *Máis alá!*, como nos reclamaba Manuel Antonio, e como a vida nos reclama cada día.

Agustín Fernández Paz
Escritor

DO GALEGO